

Anuncio de licitación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizos para a produción integral dos espectáculos a celebrar na “40ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa” (ano 2015).

1. Entidade adxudicadora: Concello de Arzúa.
2. Obxecto do contrato:
 - a) Descrición do obxecto: A produción integral dos espectáculos a celebrar na “40ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa” (ano 2015).
 - b) Nomenclatura CPV-2008: 92312100-2
 - c) Lugar de execución: Arzúa.
 - d) Prazo de execución: dende o día seguinte a sinatura do contrato ata o día 6 de marzo de 2015 (incluíndo a desmontaxe das instalacións).
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:
 - a) Tramitación: ordinaria
 - b) Procedemento: aberto.
 - c) Forma: multiplicidade de criterios de valoración
4. Orzamento:
 - a) Orzamento de licitación: 140.000 euros (*115.702,48 euros, máis 24.297,52 euros concepto de IVE ao 21%*).
 - b) Revisión de prezos: dada a natureza e prazo de duración deste contrato non procede revisión de prezos.
5. Garantías:
 - a) Provisional: Non se esixe.
 - b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
6. Obtención de documentación e información:
 - a) Entidade: Departamento de Secretaría do Concello e no perfil de contratante www.concellodearzua.com.
 - b) Domicilio: rúa Santiago, nº 2
 - c) Localidade e código postal: Arzúa- 15810
 - d) Teléfono: 981500000-981815001.
 - e) Telefax: 981 500914
 - f) Data límite de obtención de documentos e información: ata as 14.00 horas do día en que remate o prazo de presentación de ofertas.
7. Requisitos específicos do contratista:
 - a) Clasificación: Non se esixe.
 - b) Solvencia económica e financeira: segundo a cláusula 11.3.1 apartado H) 1)
 - c) Solvencia técnica ou profesional: segundo a cláusula 11.3.1 apartado H) 2)
- 8.-Criterios de valoración:

Serán os seguintes:

 1. Avaliables mediante xuízos de valor:
 - a) Mellor plantel ofertado segundo a filosofía do evento.....ata 35 puntos.

b) Realización doutros espectáculos musicais por encima dos mínimos exisidos no prego.....ata 5 puntos.

2. Avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

c) Oferta económica.....ata 40 puntos.

d) Achega económica ofertada polos licitadores que teña por finalidade a realización dunha campaña publicitaria relacionada co obxecto do contrato: Espectáculos que terán lugar na 40ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa (2015).....ata 10 puntos.

e) Realización de obradoiros culturais (gastronómicos, didácticos, musicais, pintura e/ou danza, etc...).....ata 10 puntos.

9.-Presentación das ofertas:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no último dos dous boletíns en que apareza (DOGA ou BOP).

b) Domentación a presentar: A especificada na cláusula 11 nº 3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación. Rexistro Xeral do Concello.

10.-Apertura das ofertas:

A Mesa de Contratación, ás 10.00 horas do 3º día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións, abrirá a documentación presentada nos “sobres A”. A data de apertura do “sobres B” (en acto público) anunciarase previamente no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil de contratante nos termos sinalados no correspondente prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de publicación dos anuncios de licitación: serán por conta do adxudicatario, ata un máximo de 1.000 euros.

Arzúa, 28 de novembro de 2014.

O alcalde

Asdo.: José Luis García López